



CONCURSO DIRIXIDO A ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Dende Mel de Galicia queremos dar a coñecer a todos os nenos e nenas como as flores che dan vida e a importancia das abellas no noso ecosistema, como parte fundamental na polinización, ademais de ter a capacidade de crear un súper alimento como o Mel de Galicia. Animámosvos a que fagades un pequeno conto no que a nosa súper abella Melucha sexa a protagonista, os tres mellores relatos serán ilustrados e editados para que formen parte da biblioteca da túa escola, ademais os 30 primeiros coles que envíen contos levaranse só por participar un hotel de insectos para colocar no seu patio ou horta escolar, onde as abellas poderán descansar entre aventura e aventura.

BASES CERTAME LITERARIO “AS AVENTURAS DE MELUCHA”

1. “As aventuras de Melucha” é un concurso literario onde o obxectivo é que os cativos escriban un relato dunha abella que sae da súa casa, a colmea, visita as flores de Galicia e regresa para facer o Mel de Galicia.
2. Valorarase a calidade da obra, sempre nun contexto de fantasía e entretemento, sendo fundamental respectar o tema central do concurso “Mel de Galicia”, Melucha dende a flor ao tarro.
3. Poderán participar nenos e nenas matriculados en Educación Primaria de Colexios pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.
4. As condicións dos contos serán as seguintes:
 - Os traballos presentaranse en formato DinA4, escritos a man e con redacción en galego, máximo 5 folios.
 - Terán que ser orixinais e inéditos, e non estar premiados noutros certames.
 - No conto deberá aparecer o nome do autor/a, a súa idade, o centro escolar e o curso ao que pertence. Só poderá presentarse un conto por cativo/a.
 - Os colexios poderán introducir nun sobre único todos os contos orixinais do centro e, no reverso, deberá figurar: o nome do colexio, o enderezo, a persoa e o teléfono de contacto. Dito sobre entregárase persoalmente na sede do Consello ou enviarase por correo postal ao Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia. O enderezo é: Pazo de Quián, s/n, 15881 Sergude, Boqueixón, A Coruña. A título persoal, os escolares tamén poderán enviar/entregar os orixinais ao anterior enderezo (no reverso do sobre deberá figurar o nome do colexio, o enderezo, a persoa e o teléfono de contacto).

5. A data límite de presentación rematará o 15 de decembro de 2021 ás 15:00 horas.
6. Os tres mellores contos serán ilustrados e editados no libro “As aventuras de Melucha”.
7. Os cativos e colexios poderán optar aos seguintes premios:
 - Para os tres cativos gañadores un lote de Mel de Galicia, máis dez exemplares do libro “as aventuras de Melucha” e un diploma acreditativo.
 - Para os trinta primeiros colexios que envíen os contos o premio será un hotel de insectos e un exemplar do libro “As Aventuras de Melucha”
7. O xurado do certame estará composto por membros do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia e por expertos literarios.
8. Os premios poderán ser declarados desertos se, a criterio do xurado, ningún conto cumpre os méritos necesarios que reflictan a intención do concurso. O xurado estará facultado para resolver toda cuestión da súa competencia, que non quedara establecida de maneira explícita nestas bases.
9. A decisión do xurado será comunicada o día 20 de xaneiro de 2022 aos colexios dos cativos gañadores ou ao gañador se o enviou a título persoal, así como aos 30 centros gañadores.
10. Os tres autores dos contos gañadores cederán os dereitos do conto ao Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.
11. Os concursantes, polo feito de tomar parte nesta convocatoria, aceptan todas as condicións que se especifican nestas bases.

